

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día quince de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1136).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1137).- PRÓRROGA DO CONVENIO XANTAR NA CASA. EXPTE. 88462/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.10.13, o informe de fiscalización do 15.10.13, e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.10.13, conformada polo xefe da Área de Política de Benestar, a concelleira delegada de dita Área, e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" dende o 15 de outubro de 2013 ata o 15 de outubro de 2014.

2º.- Aprobar un máximo de 120 prazas para o programa "Xantar na Casa" ata o 15 de outubro de 2014, sempre e cando a suma dos importes medios mensuais non excedan do orzamento total anual que se estipula para este convenio.

3º.- Aprobar o prezo de 1,86 €/día por persoa, que aboará o Concello de Vigo ao Consorcio para cada usuario do "Xantar na Casa" ente prezo será efectivo dente o día 2 de setembro do ano 2013.

4º.- Autorizar o gasto de 80.000,00 € con cargo á partida 2310.2260908 "Programa Xantar na Casa", desta cantidade imputarase 17.200,00 ano ano 2013 e 62.800,00 € ao ano 2014.

3(1138).- PROPOSTA PARA NON EXISIR CLASIFICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA CAMPAÑA "VIVE VIGO". EXPTE. 4886/104.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.09.13, conformado pola técnica de Admón. Xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, celebrada o día 4 de outubro de 2013, aprobou o expediente de contratación da campaña de promoción "Vive Vigo". No prego de condicións que regula dita contratación, no apartado 6 A das FEC se esixe a clasificación Grupo T, subgrupo 1, categoría b.

Con motivo da entrada en vigor da Lei 4/23013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internalización, o día 30 de setembro, só será esixible a clasificación para os contratos de servizos o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 200.000 euros (art. 43 da citada Lei).

O valor estimado deste contrato é de 185.000 euros, polo que non se pode esixir clasificación.

A vista destas circunstancias proponse á Xunta de Goberno Local a seguinte modificación no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación.

"Primeira.- No apartado 6 A das FEC figurará "procede acreditar a clasificación: Non".

Segunda.- Clasificación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica no caso que por importe do contrato non se esixa clasificación: Grupo T, subgrupo 1, categoría b."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a modificación proposta no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.